

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO ALVITE II
Promotor	GREEN CAPITAL POWER, S.L.
Localización	CONCELLOS DE NEGREIRA, SANTA COMBA E MAZARICOS (A CORUÑA)
Expediente	IN408A 2019/016
Informe	EOL_IN408A 2019/016_1

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS :

O Servizo de Enerxía e Minas de A Coruña da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación con data 02/08/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1614622, presenta unha solicitude de informe en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002.
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos.



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007.
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015.
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Guía técnica de Alemaña "Hinweise zur Ermittlung und Beurteilung der optischen Immissionen von Windenergieanlagen (WEA-Schattenwurf-Hinweise. Federal/State Working Group for Immission Control (LAI), Notes on the determination and evaluation of optical immissions from wind turbines – (January 23, 2020).
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF6 y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF6 en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020.
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

ANTECEDENTES

O presente informe realízase co obxectivo de identificar e valorar os posibles impactos no medio ambiente do proxecto obxecto de estudo que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde pública. Para iso avalíase a documentación recibida con relación a dito proxecto.





É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos debería de asegurarse a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco.
- Determinación dos potenciais perigos.
- Identificación das posibles vías de exposición.

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realízase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.

AVALIACIÓN

1.- Poboación en situación de risco

1.1- Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que o Parque Eólico Alvite II localízase dentro dos termos municipais de Negreira, Santa Comba e Mazaricos, pertencentes a provincia de A Coruña.





Indica que o proxecto se enmarca nunha zona rural, predominando pequenos núcleos de poboación. As principais vías de comunicación son dúas carreteras autonómicas (AC-400 e AC-546) e dúas carreteras provinciais (DP-5604 e DP-5603).

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao estudo e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, que aplica mapas do Plan Nacional de Ortofotografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase a existencia de edificacións a unha distancia mínima de 621 m do aeroxerador AL-06, pertencentes ao núcleo de poboación de Pedrouzo.

Na contorna do proxecto e a menos de 1550 m dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais nos núcleos potencialmente afectados, que son: Pazos, Barbeira, O Cornado, A Farrapa, Babión, Vilaserío, Quintela, O Pedrouzo, Pesadoira e As Maroñas.

Refire os aloxamentos turísticos existentes no entorno de 15 km do parque eólico, detectando un gran número debido ao paso dun tramo do Camiño de Santiago, atopándose os máis próximo a unha distancia de 1,5 km do aeroxerador AL-06.

Refire os establecementos e instalacións de ocio máis vulnerables entorno ao parque, indicando os máis próximos a unha distancia de 1,30 km dos aeroxeradores AL-04 e AL-03 (unha pista polideportiva e unha base de helicóptero). En canto a existencia de centros máis vulnerables (centros de ensinanza, centros de día, centros de saúde...), indica que non se atopan no ámbito dos traballos a realizar para a construción e posterior explotación do parque eólico.

1.2. Acceso ás instalacións

Contempla medidas no estudo de seguridade e saúde, verificando o correcto deseño e instalación das proteccións para os tramos de rúas, zonas de acopio e plataforma de montaxe dos aeroxeradores.



2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudo.

a) Contaminantes atmosféricos.

- Emisión de po e partículas.
- Emisión de gases: gases dos motores dos vehículos e da maquinaria e hexafluoruro de xofre (SF₆).
- Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.
- Campos electromagnéticos.
- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker).

b) Augas.

c) Contaminantes do chan.

- Residuos perigosos e non perigosos.
- Uso de produtos perigosos nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: aceites minerais, combustibles, fitosanitarios (herbicidas), biocidas (protectores da madeira), etc.

d) Axentes biolóxicos.

- Legionella.
- Pragas e vectores.

3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.



3.1 Aire

3.1.1 Emisións de po e partículas

Identifícase emisións de po e partículas na fase de construción e desmantelamento, como consecuencia dos movementos de terra, transporte de materiais e da circulación de vehículos, estimando un impacto moderado debido ao carácter temporal da obra. Contempla medidas correctoras e protectoras como son regos das áreas de traballo e cobertura dos camiós con lonas. Refire protocolo de vixilancia e seguimento ambiental ao respecto, mediante o control do cumprimento das medidas correctoras e protectoras propostas.

Refire no estudo a posibilidade de execución de voaduras, non recolle medidas protectoras nin correctoras no caso de afectación dos niveis sonoros nin tampouco no caso de afectación do aire en relación ao po e partículas.

3.1.2 Emisións de gases

Identifícase emisións de gases de combustión de vehículos durante as fases de construción e desmantelamento debido ao tráfico inducido na zona de maquinaria asociada ás obras. Refire medidas como o mantemento en bo estado da maquinaria e o cumprimento das inspeccións técnicas regulamentarias, e seguimento no plan de vixilancia ambiental mediante a revisión da posta a punto dos motores dos vehículos empregados nas obras.

Refírese ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque. Indica que no aeroxerador instalaranse celas compactas de tipo monobloque, nas que toda a aparelamenta e o embarrado estarán comprendidos nunha única envolvente metálica, hermética e rechea de SF_6 . Engade que o centro de transformación e as celas de conexión serán subministradas polo propio fabricante do aeroxerador.

3.1.3 Ruído e vibración

Identifícase a xeración de ruído durante a fase de obras (os correspondentes a unha obra civil convencional) e durante a fase de explotación (derivado do funcionamento dos aeroxeradores).



Realiza unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante a fase de construción, en relación aos limiares de protección establecidos na lexislación. Indica que no caso máis desfavorable, supoñendo que todas as máquinas funcionan á vez, o nivel de presión sonora total será de 105 dB(A) a 1 m de distancia, a cal reducirase a algo máis de 50 dB(A) a distancias inferiores aos 500 m. Conclúe que as poboacións máis próximas, situadas a distancias superiores non se verían afectadas. Conclúe que non se superarán os limiares establecidos debido á distancia existente cos núcleos de poboación, Considera revisar o control periódico dos silenciosos dos escapes, e mecanismos en xeral da maquinaria e equipos relacionados ca construción.

Refire que as fontes principais de ruído na actualidade, na contorna do parque, están relacionadas co fluxo de vehículos, principalmente das vías AC-400 e en menor medida as carreteras DP-5604, DP-5603 e AC-546.

Presenta un *estudo preoperacional* mediante medicións reais en 4 puntos correspondentes a núcleos de poboación próximos. Conclúe que os niveis de presión sonora obtidos se atopan por debaixo dos obxectivos de calidade acústica establecidos no Real Decreto 1367/2007, 65 dB(A) para os períodos de Día e Tarde e 55 dB(A) para o período de Noite.

Faise unha estimación teórica na xeración de ruído no escenario máis desfavorable posible, utilizando un Sistema de Información Geográfica baseado en software ARGIS e software de cartografado acústico. Realiza a simulación acústica tomando como referencia 13 puntos situados no núcleo de Pesadoira (a uns 740 m do aeroxerador máis próximo), debido a que o considera como zona máis sensible por atoparse máis próximo ao parque eólico. Cabe mencionar, a comprobación de edificacións máis próximas situadas nos núcleos de O Pedrouzo e Quintela (a 621 m e 662 m respectivamente do aeroxerador AL-06). Dos resultados da simulación se obteñen valores superiores a 45 dB(A), no período nocturno, en 2 puntos dos 13 estudados e valores superiores a 55 dB(A) en 1 punto, no período de día. Conclúe que os valores se atopan dentro dos obxectivos de calidade acústica permitidos, polo motivo de que toma como referencia os índices expostos na Táboa A do Anexo II do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro (65-65-55 dB(A)).

Ao respecto dos *estudos acústicos* presentados, o ámbito onde se sitúa o parque eólico abarca os concellos de Negreira, Santa Comba e Mazaricos, os cales posúen Normas



subsidiarias de planeamento. Segundo o RD 1367/2007, deberán cumprirse os valores límite indicados na táboa B1 do Anexo III, aplicables a actividades para zona tipo a de uso residencial como 55 dBA para os períodos Día e Tarde e 45 dBA para o período Noite.

Aporta planos de simulación no que se establecen 9 intervalos de isófonas, entre 35 e 75 dB(A), para os períodos de día, tarde, noite. Non presenta os datos a partir dos cales realiza ditos mapas que facilite a óptima interpretación nas bandas de isófonas presentadas e non se identifican as vivendas habitadas nin as poboacións existentes.

En canto aos valores resultantes, tendo en conta o ruído xerado polos aeroxeradores e o ruído de fondo, realiza unha comparativa tendo en conta "niveis previstos" actuais no núcleo de Pesadoira, en lugar dos valores medidos para o estudo preoperacional nas poboacións máis próximas ao parque eólico. Conclúe que, a pesar da variación que supón a implantación do parque eólico, os niveis avaliados cumpren os limiares establecidos na lexislación.

Conclúe que non é necesario aplicar medidas correctoras, en fase de explotación, e propón a realización dunha campaña de medidas "in situ", que verifique o cumprimento dos valores límite de inmisión admisibles, unha vez se atope o parque eólico en funcionamento.

Identifica os parques eólicos, en explotación, tramitación e de nova solicitude situados na contorna das infraestruturas do proxecto, destacando os máis próximos (PE Alvite e PE San Cosmeiro), , presenta un anexo do estudo dos efectos acumulativos e/ou sinérxicos aportando planos de simulación, pero non presenta os datos a partir dos cales realiza ditos mapas. Dito estudo o presenta tendo en conta os dous parques citados (Alvite e San Cosmeiro) pese a que hai outros parques máis próximos (PE A Picota e PE A Picota II). Conclúe que o impacto será de baixa magnitude debido á distancia existente entre os aeroxeradores e os núcleos de poboación. Propón un seguimento dos niveis sonoros na fase de explotación, co obxectivo de detectar potenciais efectos acumulativos e, se fose necesario, establecer medidas preventivas e/ou correctoras.



Tendo en conta o anterior, no estudo de impacto ambiental debería incluírse un estudo dos posibles efectos acumulativos e/ou sinérxicos en relación a outros parques da contorna.

Os criterios empregados para os cálculos teórico e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.

3.1.4 Campos electromagnéticos

O Parque eólico Alvite II atópase composto de:

- 6 aeroxeradores de 4,5 MW de potencia nominal unitaria, con potencia total instalada de 27 MW, 120 m de altura de buxe e diámetro de rotor de 155 m.
- 6 centros de transformación, no interior dos aeroxeradores, e relación de transformación de 0,69/30 kV.
- 1 torre de medición eólica.
- 1 centro de seccionamento, no cal se sitúa o edificio de control.
- 1 rede de liñas de 30 kV que conectan os aeroxeradores entre si e co centro de seccionamento, a través de condutores soterrados. Dende o centro de seccionamento sairá unha LAT en 30 kV que evacuará a enerxía ata a SET do PE Alvite, da que partirá unha LAT a 132 kV ata a SET do PE Banzas. As liñas de evacuación son obxecto do seu correspondente proxecto.

No referente aos campos electromagnéticos, toma como referencia os limiares indicados do Real Decreto 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioelétrico, restricións ás emisións radioelétricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioelétricas. De acordo ás recomendacións europeas sitúase o límite de 5 kV/m e 100 µT respectivamente, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.



Así mesmo, indícase no estudo, o cumprimento do establecido no Real Decreto 337/2014, ao respecto da "Limitación de campos magnéticos na proximidade de instalacións de alta tensión" para a non superación no exterior da instalación do valor establecido no Real Decreto 1066/2001, do 285 de setembro.

Efectúase un estudo de campos electromagnéticos. Preséntanse resultados a partires dunha simulación informática, resultando ao respecto dos aeroxeradores un valor máximo de *campo magnético* nos cables do transformador dentro do aeroxerador (lado MT) de 2,9 μT . En canto a liña MT soterrada de 30 kV o valor máximo de campo magnético nun punto da liña acada un valor de 29,9 μT e no CS, a partires da simulación, obtense un valor máximo nos cables de MT de 61,7 μT , valores que diminúen ata valores de 3,1 μT a 5 metros de distancia.

En todos os casos os valores obtidos son inferiores ao limiar admitido para o campo magnético, de acordo ás recomendacións europeas, de 100 μT a 50Hz, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo, polo que non considera necesario establecer ningunha medida adicional.

En canto ao cálculo do *campo eléctrico* para os aeroxeradores e cables de media tensión descarta a xeración de campos eléctricos debido tanto á natureza metálica da estrutura dos aeroxeradores e conexión a terra como á rede soterrada con pantalla metálica conectada á terra.

Non se menciona o cumprimento tanto da turbina como do equipo relacionado con respecto ao establecido na Directiva 2014/30/EU en materia de compatibilidade electromagnética.

3.1.5 Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras débese ter en conta un área de estudo arredor das turbinas eólicas, correspondente á aplicación do criterio de multiplicar por 10 o diámetro do rotor das mesmas, que para o presente parque eólico resulta unha distancia de 1550 m, dado que existen poboacións e vivendas illadas nese entorno.



No Anexo IX presentase unha análise da afección por parpadeo por sombra (Shadow flicker), e analízase o tempo estimado deste efecto sobre uns receptores seleccionados na área de afección e en dous casos: "conservador" (aplicando unha serie de suposicións e simplificacións) e "realista" (condicións para un caso probabilístico baseado en estatísticas meteorolóxicas nas que estímase as posibles afeccións deste efecto con maior precisión). Realiza o estudo mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO.

Presentase unha análise do efecto sobre as zonas de poboación afectadas a unha distancia establecida de 2000 m dende cada posición de aeroxerador (a cal é superior á dun radio de 1550 m, que é a distancia correspondente a 10 veces o diámetro do rotor).

- No "caso peor" efectúase a modelización identificando os aeroxeradores que producen afección e os respectivos receptores situados nas zonas de poboación afectadas e aplicando unha serie de suposicións como por exemplo que non existe nebulosidade ou que o rotor xira todas as horas do ano. Do estudo realizado, os resultados da análise mostran que dos 160 receptores analizados para o PE Alvite II, 76 superan as 30 h/anuais no caso mais desfavorable.

- No "caso real" efectúase a modelización identificando os aeroxeradores que producen afección e os respectivos receptores ubicados en áreas de influencia establecidas de poboación. Para este caso, efectúase unha estimación considerando unha serie de condicións de entrada ao modelo como por exemplo un funcionamento continuo segundo a distribución sectorial de frecuencias de vento no emprazamento ou datos de radiación solar da estación meteorolóxica Fontecada (da rede meteorolóxica da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia). Indícase que os resultados obtidos están suxeitos a variabilidade dos rexistros meteorolóxicos, as horas de funcionamento reais de cada aeroxerador e as condicións de nebulosidade do emprazamento considerado.

En relación ao parpadeo de sombras para o "caso real" o limiar a considerar para tomar as correspondentes medidas protectoras, correctoras ou compensatorias será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos":

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>



Do estudo realizado, os resultados da análise mostran que dos 160 receptores analizados, 71 superan as 8 h/anuais no caso realista.

Indica que nos primeiros meses da fase de explotación avalíase este efecto e que en caso de ser necesario, adoptaranse as medidas correctoras oportunas para mitigar ou eliminar por completo o efecto, as cales indica que quedarán suxeitas a acordos cos propietarios afectados (instalación de barreiras físicas, persianas, cortinas, etc) ou a consideración de paradas técnicas.

Respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos de parpadeo deberá estimarse a súa influencia con respecto a outros parques eólicos próximos (como por exemplo: PE Alvite e PE A Picota II).

3.2 Augas

3.2.1 Augas de consumo

Indícase que as instalacións de augas de consumo previstas no parque eólico terán en conta o establecido polo Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade de augas de consumo.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existe na contorna do proxecto, captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC), estando a máis próxima a unha distancia de 6800 m do aeroxerador máis próximo.

3.2.2 Augas superficiais e subterráneas

Entre as actividades de obra susceptibles de producir alteración da calidade das augas, indica o aporte de sólidos en suspensión debido a realización de movementos de terra. Indica que dada a distancia das actuacións proxectadas aos cursos de auga, a perda da calidade da auga será irrelevante, considerando o impacto como moderado.

Contempla a aplicación de medidas protectoras e correctoras, como a habilitación dunha zona illada con posterior recollida e tratamento para lavado das cubas de formigón.





Co respecto ás alteracións na rede hidrolóxica debido á execución das obras, indica que ningunha das posicións, as súas plataformas ou centro de seccionamento, están dentro da área de policía, si ben esta vese afectada polo acceso de nova execución á posición 1. Contempla un programa de medidas correctoras e protectoras como a colocación de drenaxes transversais e lonxitudinais na rede viaria do parque eólico e un programa de vixilancia específico mediante a comprobación do correcto funcionamento das medidas propostas, e a programación dun control da calidade do medio hídrico coa toma de mostras da auga fluvial, tanto en fase preoperacional como en fase de funcionamento.

Indica que en caso de necesitar auga para o rego, solicitarán permiso de captación de augas a Augas de Galicia.

3.2.3 Augas residuais/vertidos

a) Augas residuais sanitarias. Menciona que a xestión das augas residuais fecais, durante a fase de construción, efectuarase mediante sanitarios químicos, polo que non contempla ningún vertido ao dominio público hidráulico. En canto a fase de explotación, indica que as augas residuais conduciranse a unha fosa séptica. Non indica se a fosa séptica será estanca, en caso contrario deberá contar cun separador de graxas para a súa depuración.

No estudio de impacto ambiental debería indicar se a fosa séptica é estanca, en caso contrario deberá contar cun separador de graxas para a súa depuración.

b) Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra. Contempla a creación dun punto de acopio temporal, na fase de explotación, dotado dunha soleira impermeable e provisto de contedores adecuados para o almacenamento dos residuos de aceites, os cales serán xestionados por un xestor autorizado. Indica que nos parques de maquinaria, zonas de acopio zonas de obra nas que se vaian a almacenar produtos potencialmente contaminantes, disporase de medidas para evitar ou corrixir derrames, como a disposición de material absorbente.

c) Vertidos procedentes de transformadores. Indica que os transformadores serán de tipo seco encapsulado, polo que non contempla a instalación de foso de recollida de aceite.



3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante nas distintas fases do proxecto, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo un seguimento de vixilancia ambiental.

3.3.1 Residuos perigosos e non perigosos.

Identifícase a xeración de residuos perigosos e non perigosos durante as fases de construción, explotación e desmantelamento do parque de acordo ao código LER, estimando a cantidade de cada tipo de residuo.

Indica que na fase de construción disporá dunha zona de almacenamento de residuos, a cal disporá de contedores adecuados á tipoloxía de residuo. En canto á fase de explotación, os residuos almacenaranse no centro de seccionamento, no cal haberá espazos específicos. A súa xestión farase a través dun xestor autorizado.

Sinala que os lugares de almacenamento estarán correctamente sinalizados e os recipientes estarán identificados.

Refire medidas preventivas como realizar o mantemento e reparación de maquinaria en talleres autorizados, realizar unha correcta xestión dos residuos, ou formar ao persoal respecto a súa identificación, redución e manexo. Contempla seguimento no programa de vixilancia ambiental, mediante a revisión da xestión correcta dos residuos.

3.3.2 Uso de produtos perigosos

Indica que para albergar os residuos perigosos disporán de envases deseñados para evitar calquera perda do seu contido, a súa etiquetaxe farase en base ao recollido no marco normativo vixente. A súa xestión farase a través dun xestor autorizado.

Destaca como residuos perigosos: absorbentes, envases de sustancias perigosas, filtros e baterías entre outros, procedendo a maioría da fase de explotación, derivados do mantemento e reparación.

Dentro de outros posibles tipos de produtos perigosos que poden ser empregados nas instalacións, non refire o emprego de biocidas nin fitosanitarios (herbicidas). No caso da



súa utilización deberá cumprirse a normativa vixente referente á comercialización e emprego dos mesmos.

Non refire si disporán das fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental debería indicarse a disposición das fichas de datos de seguridade de tódolos materiais empregados.

Cumprirán as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

3.4 Axentes biolóxicos

3.4.1 *Legionella*.

Refire a instalación de lavabos e duchas, pero non refire o cumprimento dos requisitos establecidos no RD 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e control da legionelose.

Tendo en conta o anterior, no estudio de impacto ambiental deberá cumprir os requisitos establecidos no Real Decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da legionelose, así como no caso de emprego de sistemas de extinción de incendios que supoñan a existencia de aerosolización.

3.4.2 Pragas e vectores

Indica que o estudo non contempla actuacións susceptibles de adoptar unha xestión de axentes biolóxicos (pragas e vectores, risco microbiolóxico, etc.) que exceda dos protocolos estándares de seguridade e saúde, tan só refire o selaxe das canalizacións para protexer o cableado e evitar a entrada de roedores.





CONCLUSIÓNS

Sen prexuízo do cumprimento das consideracións recollidas en cada un dos epígrafes do apartado de avaliación de este informe e das competencias atribuídas a outros departamentos e organismos na materia, logo da análise da documentación achegada en relación o estudo de impacto ambiental do parque eólico de Alvite II, e tras a valoración dos aspectos relativos á saúde ambiental infórmase como **favorable condicionado** á presentación, con carácter previo ao inicio das obras, da documentación e información dos aspectos que se relacionan a continuación:

- Con respecto ao ruído e vibracións (para máis información ver apartado 3.1.3) deberá ter en conta a existencia de núcleos con edificacións a distancias inferiores ao núcleo de Pesadoira. No estudo acústico deberá ter en conta os niveis estimados debido ao funcionamento dos aeroxeradores e ao ruído de fondo da zona, medido no estudo preoperacional. Segundo o RD 1367/2007, deberán cumprirse os valores límite indicados na táboa B1 do Anexo III, aplicables a actividades para zona tipo a de uso residencial como 55 dB(A) para os períodos Día e Tarde e 45 dB(A) para o período Noite. Deberá presentar os datos a partir dos cales realiza os planos de simulación, que nos permita a óptima interpretación das bandas de isófonas presentadas.
- Con respecto ao efecto parpadeo (para máis información ver apartado 3.1.5), deberá indentificar os 71 receptores que superan o limiar de 8 h/ano, sobre os que se aplicarán as medidas correctoras propostas. Deberá avaliar o posible efecto sinérxico sobre os receptores da contorna do parque, en relación con outros parques instalados ou en execución.

No caso de que a documentación e información relativa aos citados aspectos non se presentase no prazo indicado ou, presentada en prazo, non resultase abonda ou adecuada para a acreditación dos mesmos, entenderase que o estudo non cumpre cos requisitos desde o punto de vista sanitario.





Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

A subdirectora xeral de Programas de
Control de Riscos Ambientais para a Saúde

Manuel Álvarez Cortiñas

Ines Mato Naveira

Documento asinado dixitalmente por:
Manuel Álvarez Cortiñas (29/11/2022 18:20)
Ines Mato Naveira (29/11/2022 20:25)
<https://sede.xunta.gal/cve?dcve=SAOC-G4G4-BOAH-OF4O-TREM-5XDC-BNK9-W166-9749-9461-74>

